



Título: *El juego de la argumentación*
Autor: Tomás Miranda Alonso
Editorial: Ediciones de la Torre, Madrid, 1995
Colección: Proyecto Didáctico Quirón
Núm. pp.: 158
Tamaño: 24 x 16

Este libro diríxese en primeiro lugar a todos aqueles profesores que, sen ter unha formación específica en lóxica, estean traballando ou queiran traballar co Programa “Filosofía para niños” de Matthew Lipman. A finalidade do devandito programa consiste en posibilita-los seguintes obxectivos:

* Axudar a formar persoas reflexivas e críticas, prestándolle unha especial atención á lóxica.

* Facilitarlle ó profesor o labor de lles aprender a pensar ós seus alumnos.

O autor, Tomás Miranda, pretende facer unha exposición sistemática da lóxica que “xorde” nas novelas do citado M. Lipman:

- *El descubrimiento de Harry*, dirixida ós nenos de 10-12 anos, aínda que pode ser utilizada en calquera curso da ESO para posibilita-la discusión e a investigación sobre problemas lóxicos na clase. O mestre dispón dun manual de exercicios e de investigación

filosófica para profundar nos temas que suxire a novela.

- *Lisa*, para os alumnos nos dous últimos cursos da ESO, que se centra nos problemas éticos e ten moi en conta a dimensión argumentativa e dialo-gal que vai unida a toda reflexión moral. Esta novela vén acompañada de investigación ética e un manual de exercicios para facer na clase.

Faise unha *análise en contexto* (razoamento e diálogo) e *en situacións reais de comunicación* (actos de fala concretos avaliábeis non só dende os puntos de vista sintáctico e semántico, senón tamén o pragmático), ademais de ocuparse das *relacións formais* que se dan no discurso.

A segunda intención do autor diríxese a aqueles estudantes e estudiosos que se queiran introducir na chamada “teoría de la argumentación”, condicionada - como todo xogo- por unhas regras e unha práctica necesaria para conseguirla competencia argu-

mentativa. Así, este traballo pode servir de axuda ou apoio teórico para aqueles profesores que queiran tomar en serio a práctica coidadosa da arte da argumentación nas súas clases.

Resumindo, pódese falar dunha aproximación do home á verdade a través da linguaxe e do intercambio comunicativo cos demais seres racionais.

Ensinar a pensar mediante o diálogo; ensinar a presentar razóns e a ter en conta as razóns dos demais: a escola como unha comunidade de argumentadores que se esforzan para acadar logros, acordos ...

José Raposeiras Correa

